



Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

## EDICTO E ANUNCIO DE COBRANZA

Con data 09/05/2024, o alcalde D. Eduardo José Parga Veiga ditou a resolución núm. 225/2024 que se reproduce a continuación:

**“ASUNTO: APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POR ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN FÍSICA (E.M.E.F.) E UTILIZACIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL DURANTE O MES DE MAIO DE 2024.**

**EXPEDIENTE: 2024/X999/000137**

### FEITOS:

1. Vistos os listados elaborados polo Departamento de Deportes dos participantes nas ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (E.M.E.F.) e dos usuarios do ximnasio municipal durante o mes de maio do presente ano.
2. Examinado o padrón fiscal das citadas taxas realizado polo Departamento de Recadación deste Concello.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.
- Artigo 68 do R.D. 939/2005, do 29 de xullo, regulamento xeral de recadación.
- Ordenanza fiscal nº 18, da taxa pola prestación do servizo de ensinanzas especiais en establecementos docentes do Concello de Malpica de Bergantiños.
- Ordenanza fiscal nº 13, da taxa pola utilización do pavillón polideportivo municipal

Logo de ver o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 24 do R.D.L. 781/1996, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

De acordo con todo o indicado, **RESOLVO:**

1. Aprobar as liquidacións de cobro por recibo de das taxas por ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (E.M.E.F.) e por utilización do ximnasio municipal, correspondentes ao mes de maio do presente ano.

CONCEPTO	LIQUIDACIÓN
ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN FÍSICA (E.M.E.F.)	1.377,95
UTILIZACIÓN DO XIMNASIO MUNICIPAL	1.875,00
TOTAL...	3.252,95

2. Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpica.dicoruna.es](mailto:correo@malpica.dicoruna.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Corporación. Esta exposición, por prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3. Aprobar o prazo de cobramento en período voluntario que abranguerá dende o día 3 de xuño de 2024 ata o día 5 de agosto de 2024. O interesado coa carta de pagamento no seu poder, ben recibido por correo ou entregado no Concello no seu defecto, terá a opción de abonar estas débedas en calquera sucursal de ABANCA ou a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños. Transcorrido este prazo a débeda resultante derivada taxas por ensinanzas da Escola Municipal de Educación Física (E.M.E.F.) e por utilización do ximnasio municipal será esixida pola vía de constrinximento, co recargo, xuros de demora e costas de exacción que procedan.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor RECURSO DE REPOSICIÓN ante esta Alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado i) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo de un mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, dende a notificación da resolución expresa, ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

Asinado dixitalmente  
En Malpica de Bergantiños  
**O alcalde**  
**Eduardo José Parga Veiga**

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).*